



RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia; Xesús Alonso Montero e Ana Paula Mejuto (intr.); Eduardo Galeano (colab.) (2015): *Cartas de un condenado a muerte. José Mejuto Bernárdez*. Santiago de Compostela: Alvarellos, 217 pp.

A historia de José Mejuto foi a dun armador de Cangas do Morrazo, pai de catro fillos e esposo dunha muller á que quería, Alejandra Nogueiras; a dun un home novo a cargo da súa irmá e da súa nai. Conseguiu saír adiante tras unha infancia marcada polas perdas, coa morte prematura do pai e, máis tarde, do segundo marido da nai, a quen el, confesa orgullosamente, quixo coma se fose seu fillo. Malia isto, a paz restabeleceuse no fogar. A familia ampliouse, serviu como refuxio e recullo de coidados, ao que José colaborou coa súa á dedicación ao traballo e aos seus. Escribe: “el amor al trabajo, al estudio y a la familia fueron las tres condiciones principales de mi vida” (p. 130).

A vida de José Mejuto puido ter continuado así: capeando as traxedias con vontade, arraxando a herdade da Retirosa, buscando un lugar mellor para os seus, atravesando a vila cumprindo tarefas e cun libro baixo do brazo. Así podería ter sido sempre José Mejuto ou, se cadra, non. O que podería ter ocorrido máis aló dos seus trinta anos, dese 1937, non se poderá saber xa. A súa vida quedou truncada, e o seu asasinato levou tamén a posibilidade de que os seus puidesen continuar vivindo no mesmo contorno. *Cartas de un condenado a muerte* é o resultado dunha represión que deixou morte e exilio.

O crime cometido contra José Mejuto leva o mesmo selo que o perpetrado contra os demais fusilados polo franquismo cara ós muros das igrexas, nos campos santos, nas cunetas. El foi un sen nome máis, co que o protagonista de *Cartas de un condenado a muerte* é coral. As súas son cartas que poderían ter escrito multitude de presos e, a súa publicación, unha homenaxe das innumerábeis vítimas. Porque, efectivamente, *Cartas de un condenado a muerte* publícase como unha sorte de homenaxe. Neste volume, editado por Olivia Rodríguez González, recóllense as 34 cartas redactadas por José Mejuto aos seus dende distintos

cárceles. Introdúcense tamén múltiples textos e outros materiais que serven para compoñer a imaxe de José Mejuto e da súa atmosfera, así como do proceso que leva a Ana Mejuto, a súa neta, a tomar a decisión de materializar a perda do seu avó cun grande compromiso.

En *Cartas de un condenado a muerte* podemos ler ata cinco veces a historia de Mejuto. A primeira atópase no prólogo escrito por Xesús Alonso Montero, quen o presenta como un home que debe polo seu fogar e, sobre todo, polos seus fillos. Chámalle *lletraferit*, xa que o autor destas cartas, malia non ter cursado estudos superiores, foi un lector enfebrecido, o que explica o coidado dos seus textos. Por isto, pero sobre todo polo carácter único da súa testemuña, Alonso Montero outorga un grandísimo valor ás cartas. Son escasos os escritos conservados de presos do franquismo, xa sexa pola incapacidade de escribir, como porque moitas familias optaron por desfacerse dun material comprometido. As cartas de José Mejuto, indica Alonso Montero, teñen a súa propia historia: Alejandra Nogueiras gardounas e, cando decidiu marchar ao exilio coa súa familia, incluíunas na súa pequena valixa de madeira. Conserváronse durante décadas en Arxentina, ata que Ana Mejuto deu con elas.

No apartado “Las palabras tienen la esencia de la luz” podemos ler á neta do fusilado. Accedemos unha vez máis á súa vida e ao proceso que o levou ao sepulcro, pero esta vez Mejuto non é únicamente un mártir, senón tamén un avó. Ana explica que foi a vinganza por motivos económicos (non querer pagar o traballo feito por Mejuto) o que levou a algúns veciños a denuncialo. Liquidaron a débeda con sangue. A neta de José confesa que deu coas cartas aos dezoito anos, que chorou durante días pola súa intensidade. “Tristeza infinita de cartas” (p. 28), escribe. Esta emoción non amimorou dende entón, xa que, por un exercicio

de xustiza, quixo que a verdade do seu avó, a verdade da guerra, vise a luz.

Antes de dar paso ás cartas, o libro conta cunha cronoloxía da vida de Mejuto. Tamén atopamos, ao final, un extracto do expediente da causa e fotos familiares. Parece que *Cartas de un condenado a muerte* insiste en achegarnos a este home, ás súas circunstancias particulares, sacalo do anonimato a base de repetición. Imaxes, biografía e palabras dos seus achegados confiren identidade e individualidade a José Mejuto. Coñecer ao home antes de ler as cartas confire aínda máis forza ao seu desesperado desexo de vivir, e imposibilitan o afastamento entre a vida real e a literatura.

As 34 cartas que compoñen o libro divídense en tres grupos. As primeiras 12, que atopamos nun apartado titulado “Confusión y esperanza”, son as escritas tras a detención en setembro de 1936. As primeiras son máis curtas, relativas a necesidades prácticas. Despois, Mejuto é trasladado do Frontón de Vigo á Illa de San Simón e alí plasma reflexións e lembranzas. Non hai carta na que non repita que o seu pensamento está cos seus (“espiritualmente estamos juntos todos” [p. 81], escribe); na que non infunda ánimos á familia. Mejuto fala coa certeza de que a súa detención foi un erro e de que pronto poderá volver á casa. Quere amosarlles á súa muller, nai, irmá e fillos o ben que lava a louza, como fai a cama. “Ya veréis, ya veréis” (p. 86), asegura con esperanza.

O segundo grupo de cartas publícase baixo o nome de “El proceso”. Estas corresponden ao ano 1937, ás vistas e ao xuízo sumarísimo no que Mejuto é xulgado por rebelión e condenado a morte. Olivia Rodríguez, na “Nota a la edición” indica que a súa caligrafía se transforma, reflectindo o pesadelo que está a vivir. Son catro cartas desesperadas, nas que pide á súa muller que se faga con todas as probas posíbeis que certifiquen a súa inocencia. De feito, Alejandra chega a ir a Burgos para pedirlle o indulto a Franco, pero non a reciben. As calumnias dos partidarios do réxime poden máis que as testemuñas que proban a inocencia de José. Mejuto é condenado, pero non sabe cando o van matar.

Esta situación dá lugar ao último grupo de cartas, “Despedida y testamento”, que conforman máis ben un diario. Mejuto ten tres grandes desexos: probar a súa inocencia, declarar o seu amor pola familia e facer saber aos seus fillos que tiveron un pai. Necesita que os cativos saiban canto os quixo, que existiu, que xogou con eles, que lles deu agarimos e lles cantou, que para seu pai foron todo. Por iso atopamos eses “Itiña, ¿verdad que cuando seas mayor te

acordarás de estos besos que te daba?” (p. 148) ou “Alejandra: para que mi recuerdo viva siempre en ellos, relátales a menudo cómo jugaba con ellos, cómo les cantaba cogidos en mis brazos.” (p. 120). Mejuto despídese (“¡Adiós, Carmiña! ¡Adiós, hermana querida! ¡Adiós para siempre!” (p. 124), mais tamén quere que a familia quede coas cartas, xa que conforman o único xeito de manterse vivo, sobre todo para os seus nenos.

Aínda que Mejuto traza unha verdadeira *consolatio* aos seus, non pode xa agochar a tristura, que mesmo lle impide continuar escribindo. Fai alusións á praza que ve dende a cadea, ás xanelas polas que observa a outras familias no interior das casas e á fonda amargura que isto lle causa. Mejuto sabe que vai morrer e que non pode rebelarse. O sufrimento vén do amor que sente e recibe. Explica: “Perder la vida me importaría poco si no fuera por lo mucho que os amo a todos y por lo mucho que vosotros me amabais a mí” (p. 114) ou “No es la idea de la muerte lo que me abrume, es el tener que separarme de vosotros para siempre” (p. 130).

Agora ben, non poder librarse do asasinato non resta rebeldía ás súas palabras. Ao partillar as cartas do seu avó, Ana Mejuto cumpre coa promesa que el lle fixera a Alejandra cando escribía “Ten fe en el porvenir y sabe esperar y verás como llegará un día en que mi sangre derramada inocentemente, como la de millares de españoles, servirá para hacer justicia sobre esos cobardes asesinos” (p. 119).

É terríbel ter entre as mans o testemuño de quen está ás portas do patíbulo, máis aínda dun home inocente. Malia que José Mejuto evite falar das súas penurias e que dedique todo o seu esforzo a animar á súa familia, hai unha anguria cada vez maior. Lemos as cartas dun home aínda vivo e sabemos, como el sabe, que dun momento a outro unha bala acabará con el. Isto é intolerábel porque é real. Coa lectura de *Cartas de un condenado a muerte* escápanse as bágoas. Chórase porque estar ante as confesións dunha vítima, ser espectadora dunha condena a morte, é unha experiencia brutal. Mais chorar por quen foi asasinado polo franquismo hai case cen anos é un acto de xustiza. A publicación destas cartas fai o que os libros de historia non conseguen: situarnos nas despedidas, na vida interrompida, na consciencia dun final próximo e inxusto, na soidade, na perda e na frustración. Mais tamén na bondade, no amor, na vontade de xustiza e no sacrificio por aqueles a quen queremos.

M^a Isabel Gómez Rodríguez
Universidad Complutense de Madrid
mgomez16@ucm.es